




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Ribeira. Parroquias: San Pedro de Palmeira ao norte, Santa Uxía de Ribeira ao suroeste e San Xán de Artes no extremo oeste. Extensión: 6,31km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A Praia de Coroso é un amplo areal disposto ao longo do sector norte da Enseada de Ribeira. Nesta unidade, a chaira litoral, que é apenas unha franxa costeira no suroeste, vaíse ensanchando cara ao nordés, ao pé da ladeira oriental das estribacións da Serra do Barbanza. Entre a chaira e estas elevacións montañosas, as vertentes alcanzan desniveis que superan o 20 %, sobre todo no norte.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade reparte a súa extensión entre dúas especies rochosas de Dominio distinto. A maior parte contén unha granodiorita biotítica con megacristais de Idade tardihercínica. Pero na parte nordés e centro aparecen dúas bandas de xistos e paragneises de Idade precámbrico-silúrica, pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas. Estas bandas únense na parte setentrional e en dous puntos ao sur, deixando illadas dúas zonas graníticas. A Praia de Coroso achega a maior extensión de cuberta sedimentaria do Cuaternario, con dunas e praia, aínda que na chaira costeira aparecen outros depósitos desta Idade e derivados de acumulacións detríticas pola erosión do macizo granítico.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A parte alta da vertente, montes de Santo Alberto e Espinle, é máis húmida alcanzando máximos de 1600mm de precipitación media anual (ambiente climático Cálido e Moi Húmido).

OS SOLOS

O complexo sedimentario da praia de Coroso contén arenosos e tras el, a maior parte do val principal presenta cambisols dístricos. Na vertente traseira fórmanse chans menos desenvolvidos do tipo regosol que puntualmente presentan afloramentos de roca en superficie dando lugar a leptosols líticos sobre todo na parte alta dos montes San Alberto e Espinle.


AS AUGAS

A unidade está constituída por unha conca fluvial orientada cara á praia do Coroso, na que desembocan os arrosos de Saíñas e da Chamiza logo de ramificarse nunha serie de tributarios que recollen a auga de escorrentía de toda a área. As Augas Costeiras desta unidade é a recollida baixo o código 20160.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Costa sedimentaria na que destacan os hábitats dunares atlánticos (grupo 21), con potencialidade para o 2230, céspedes de Malcolmietalia. Tras as dunas, existe unha pequena marisma (grupo 13 de Hábitats de Interés Comunitario) e unha orla de prados hidromorfos, (6420, prados de herbas altas do Molinion-Holoschoenion e 6430, megaforbios eutrofos higrófilos). Bancos intermareais e submareais areosos pertencentes aos ambientes 1110 e 1140 na fronte costeira. Máis ao interior, os valores ecolóxicos céntranse nos regos das Saíñas e da Chainza, onde aparecen masas de ribeira (91E0) descontinuas e prados hidromorfos –non faltan as agrupacións de frondosas de recolonización-. Nas partes altas dominan os breixeiros secos europeos (4030) e, en vaguadas e alveolos dos cumes, o 4020, breixeiros húmedos de Erica ciliaris e Erica tetralix (poden presentar pequenas turbeiras de esfagnos, grupo 71). É lugar de afloramentos e rochosos con vexetación casmófitica (grupo 82).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A praia de Coroso esténdese en toda a fachada costeira da unidade. A influencia do núcleo urbano de Ribeira propiciou a ubicación de equipamentos do tipo educacional no propio sistema dunar da praia, tamén se aprecia esta influencia no tipo de construción nas marxes da estrada AC-305 que atravesa lonxitudinalmente a unidade para comunicar ao núcleo de Ribeira polo litoral. No resto da unidade persisten os pequenos núcleos vinculados ao uso agrícola do pa celario e todo o conxunto salpicado con masas de árbores de repoboación de piñeiro e eucalipto. Se nos afastamos lonxitudinal e altitudinalmente o trazado da autovía do Barbanza rompe a continuidade diferenciando as vertentes máis elevadas da chaira onde se sitúan os asentamentos. No límite oeste da unidade parte do polígono industrial de Xaras penétrase na unidade, no que cabe destacar a presenza dunha coxeneradora con dereitos de emisión. Nas proximidades ao polígono hai un parque eólico autorizado.

MORFOLOXÍA

A morfotopoxía non responde a unha orde lexible, debido á influencia dun núcleo urbano de relevancia na comarca como Ribeira. Nas estradas que dan entrada a esta poboación como o ramal da autovía AG 1.1 e a AC-305 aprécianse vivendas encostadas e exentas de recente construción así como edificios de uso residencial. Englobadas entre esta estrada e a autovía do Barbanza máis ao norte persisten as construcións de uso residencial destinadas ao parcelario agrícola e que aínda conservan a morfotopoxía tradicional de baixo e planta.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A densidade da rede viaria contrasta co carácter rural da unidade. Polo norte transcorre a autovía AG 1.1 da que parte un ramal en sentido lonxitudinal até conectarse á estrada da litoral AC-305 que comunica os núcleos da comarca pola franxa litoral. Entre estas vertébranse outras estradas de menor categoría como a AC-7309, AC-7310 e AC-6704. Á súa vez hai unha rede de camiños e pistas forestais que estruturan tanto o parcelario agrícola como as masas forestais existentes. Sinalar a existencia dun paseo marítimo peonil e un carril bici que transcorren paralelos á praia de Coroso.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Predominio de mámoas repartidas polas parroquias de Oleiros, Palmeira e Artes. Sinalar os gravados do monte de San Alberto. En canto ó patrimonio etnográfico nesta unidade destaca a ermida de San Alberto e a Santiña de Coroso.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O elemento identitario desta unidade é o areal de Coroso e a desembocadura no mesmo dos regos de Chamiza e Saliñas. Pero esta paisaxe natural está claramente antropizada pola influencia do núcleo próximo de Ribeira e o desenvolvemento da rede de infraestruturas viarias. Os núcleos tradicionais de Mourellos, Carballa, Lixo polo oeste e Dean Grande polo leste conservan o seu vínculo co uso agrícola tradicional e confírenlle á unidade o carácter rural.

DINÁMICA DA PAISAXE

A actuación recente de máis incidencia na paisaxe é o trazado da autovía do Barbanza e o ramal que a enlaza coa AC-305. A mellora do trazado na estrada AC-7301 que empalma os núcleos de Carballa e Figueirido propiciou o crecemento destes núcleos. Tamén se mellorou o trazado doutros viarios como a AC-7309. Pero a contorna natural viuse realmente afectada polo crecemento dos núcleos importantes máis pretos da comarca do Barbanza. Así como a perda do carácter rural da unidade polo abandono do uso agrícola.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Sobre un espazo aplanado domina a visión da primeira liña da praia de Coroso, esta praia conserva parte da súa contorna natural, como ocorre no caso da desembocadura dos regos de Saliñas e Chamiza, onde as augas remansan formando un humidal de gran interese lindante co areal. Máis ao sueste, a proximidade co núcleo urbano de Ribeira vai transformando esta paisaxe natural pola presenza de equipamentos e edificacións compactas propias dun desenvolvemento urbano periférico, tamén a rede viaria fragmenta a paisaxe agrícola predominante na franxa noroeste da unidade e vaise desfigurando o esquema tipicamente rural da zona. Os asentamentos espontáneos alternanse cos núcleos tradicionais ao longo destas infraestruturas lineais. Ao fondo destacan as elevadas montañas, desde a praia de Coroso obtense unha visión deste fondo escénico que se debuxa entre as texturas que achegan os prados e as masas boscosas, dotando de profundidade á paisaxe. Aproveitando o alto do Monte de San Alberto podemos obter unha panorámica de toda a unidade. Na comarca do Barbanza é ben coñecido o miradoiro da Curota, que permite amplas perspectivas das rías de Arousa, Muros e Noia. Predominio de pegadas deixadas pola presenza de asentamentos primitivos na zona con mámoas repartidas polas parroquias de Oleiros, Palmeira e Artes. Sinalar tamén os gravados do monte de San Alberte.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR




1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





Map grid coordinates (UTM): 498000, 500000, 501000, 502000, 503000, 504000, 505000 (Easting); 4710000, 4711000, 4712000 (Northing)